

TEMPO DE CORESMA

DOMINGO I DE CORESMA

24.-

PRIMEIRA LECTURA

Confesión de fe do pobo elixido

Lectura do libro Deuteronomio 26, 4-10

Faloulle Moisés ó pobo dicindo:

—«O sacerdote collerá a cesta da túa man e poraa diante do altar do Señor, teu Deus. Entón ti tomara-la palabra e dirás diante do Señor, teu Deus: “Meu pai era un arameo errante que baixou a Exipto, onde residiu como emigrante con pouquiña xente que o acompañaba.

Alí converteuse nun pobo grande, poderoso e numeroso. Pero os exipcios maltratáronnos, oprimíronnos e impuxéronnos cruel servidume.

Entón chamamos polo Señor, Deus de nosos pais, e o Señor escoitou o noso clamor e viu a nosa opresión e o noso duro traballo.

Logo o Señor fíxonos saír de Exipto con man forte e brazo estendido, con gran terror, con sinais e con feitos marabillosos, e fíxonos entrar neste santuario e entregounos esta terra, terra que deita leite e mel.

Por isto, velaí que agora eu trouxen as primicias dos froitos da terra que ti me deches, Señor.”

Poralas na presenza do Señor, teu Deus, prostraraste na presenza do Señor, teu Deus.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 90, 1-2. 10-11. 12-13. 14-15 (R.: cf. 15b)

R.: Acompáñame, Señor, na tribulación.

Ti que habitas ó abeiro do Altísimo
e moras á sombra do Omnipotente,

dille ó Señor: «Meu refuxio, miña forza,
meu Deus, en quen confío.» R.

Ningún mal te atinxirá,
ningunha praga se achegará á túa tenda,
porque el mandará os seus anxos onda ti,
para que te garden en tódolos camiños. R.

Levarante nas súas mans,
para que non bata na pedra o teu pé.
Poderás camiñar sobre áspides e víboras,
e esmaga-lo león e o dragón. R.

Hei libralo, porque se apegou a min;
hei protexelo, porque coñece o meu nome.
Cando me chame, hei responderlle;
con el estarei na aflicción,
para defendelo e honralo. R.

SEGUNDA LECTURA

Confesión de fe de quen cre en Cristo

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 10, 8-13

Irmáns:

¿Que di a Escritura?

«Cerca de ti está a palabra, na túa boca e no teu corazón.»

Esa é a palabra da fe que anunciamos. Porque, se confesas coa túa boca que Xesús é Señor e cres de corazón que Deus o resucitou dos mortos, serás salvo. Pois crese co corazón para acada-la xustiza; e maniféstase coa boca para logra-la salvación. Porque di a Escritura: «Todo o que crea nel non quedará defraudado.»

Daquela non hai diferenza entre o xudeu e o grego, pois un mesmo é o Señor de todos, rico para tódolos que o invocan; porque «Todo o que invoque o nome do Señor será salvo».

Palabra do Señor.

Versículo Mt, 4, 4b

O home non vive só de pan,
senón de toda palabra que procede da boca de Deus.

EVANXEO

Era conducido polo Espírito ó deserto, e era tentado

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 4, 1-13

Naquel tempo, Xesús, cheo de Espírito Santo, volveu do Xordán, e o Espírito levouno deserto adiante, durante corenta días, onde o tentou o Satán. Naqueles días non probou bocado, pero ó cabo deles sentiu fame.

E díxolle o Satán:

—«Se e-lo Fillo de Deus, manda que estas pedras se volvan pan.»

Respondeulle Xesús:

—«Está escrito: “O home vive de algo máis que de pan.”»

Despois levouno a un outeiro e mostroulle nun intre tódolos reinos do mundo. Díxolle o Satán:

—«Dareiche todo o seu poder e toda a súa gloria, porque mos entregaron a min e doullos eu a quen quero: Se me adoras todo será teu.»

Respondeulle Xesús:

—«Escrito está: “Adorara-lo Señor, teu Deus, e só a El darás culto.”»

Levouno logo a Xerusalén e plantouno no cumio do templo e díxolle:

—«Se e-lo Fillo de Deus, bótate de aquí abaixo, que está escrito: “Mandarás os seus anxos para que te garden”; e tamén: “Levarate nas súas mans para que non se manquen os teus pés nas pedras.”»

Xesús respondeulle:

—«Está mandado: “Non tentara-lo Señor, teu Deus.”»

E rematadas as tentacións, o Satán deixouno ata o tempo axeitado.

Palabra do Señor.

DOMINGO II DE CORESMA

27.-

PRIMEIRA LECTURA

Deus establece alianza co fiel Abrahán

Lectura do libro da Xénese 15, 5-12. 17-18

Naqueles días, Deus levou fóra a Abrahán e prometeulle:

—«Olla cara ó ceo e conta as estrelas, se é que podes. Así terás de descendentes.»

Abrahán creu ó Señor, que llo tivo en conta para a xustificación.

Despois díxolle o Señor:

—«Eu son o Señor, que te sacou de Ur dos Caldeos, para chegar en herdo esta terra.»

Abrahán preguntou:

—«Señor e dono meu, ¿como saberei que será miña?»

O Señor respondeu:

—«Tráeme unha becerra, unha cabra e un carneiro, todos eles de tres anos, e mais unha rula e unha pomba.»

Abrahán trouxo todo, partiu os animais polo medio e puxo unha metade fronte á outra; pero as aves non as partiu. Os voitres descendían á carnada, e Abrahán espantábaos.

Cando o sol estaba para se pór, apoderouse de Abrahán un sono profundo e invadiuno unha escura ansiedade.

Cando se puxo o sol e se fixo noite pecha, Abrahán viu pasar entre os membros dos animais tallados un fume coma de forno e un facho de lume.

Aquel día fixo o Señor con Abrahán esta alianza:

—«Ós teus descendentes dareilles esta terra, desde o torrente de Exipto ata o gran río Éufrates.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 26, 1. 7-8. 9abc. 13-14 (R.: 1a)

R.: O Señor é a miña luz e salvación.

O Señor é a miña luz e salvación,
 ¿a quen hei temer?
 O Señor é a protección da miña vida,
 ¿diante de quen hei tremer? R.

Escoita, Señor, a miña voz, que estou clamando,
 ten misericordia de min, respóndeme.
 O meu corazón dixo de ti:
 «Buscade o meu rostro.»
 O teu rostro eu busco, Señor. R.

Non afastes de min o teu rostro.
 Non rexeites con ira o teu servo,
 Ti e-la miña axuda. R.

Eu espero gozar da bondade do Señor
 na terra da vida.
 Espera no Señor, procede coma un valente,
 ten corazón forte, espera no Señor. R.

SEGUNDA LECTURA

Cristo hanos configurar co seu corpo glorioso

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Filipenses 3, 17—4, 1

Irmáns:

Seguide todos o meu exemplo e reparade nos que camiñan conforme o modelo que tedes de nós. É que moitos —dos que xa vos teño falado e agora falo a chorar— pórtanse coma inimigos da cruz de Cristo. Esa xente vai acabar na perdición; o Deus dela é o seu bandullo; a súa gabanza está na vergonza: xente que só se interesa polas cousas terreaís.

Pero a nosa patria está no ceo, de onde nós agardamos un salvador, Xesús Cristo, o Señor. El ha transforma-lo noso pobre corpo, configurándoo ó corpo da súa condición gloriosa, de acordo coa súa virtualidade para sometelo e para someter a si mesmo tódalas cousas.

Polo tanto, meus irmáns tan queridos e por quen sinto saudades, miña alegría e coroa, ¡seguides así firmes no Señor, queridiños!

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Filipenses 3, 20—4, 1

Irmáns:

A nosa patria está no ceo, de onde nós agardamos un salvador, Xesús Cristo, o Señor. El ha transfoma-lo noso pobre corpo, configurándoo ó corpo da súa condición gloriosa, de acordo coa súa virtualidade para sometelo e para someter a si mesmo tódalas cousas.

Polo tanto, meus irmáns tan queridos e por quen sinto saudades, miña alegría e coroa, ¡seguides así firmes no Señor, queridiños!

Palabra do Señor.

Versículo

Oíuse a voz do Pai, que dicía desde a resplandecente nube:
«Este é o meu Fillo benquerido: escoitádeo.»

EVANXEO

Transfigúrouse o seu rostro mentres oraba

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 9, 28b-36

Naquel tempo, Xesús colleu a Pedro, a Xoán e mais a Santiago e subiu ó monte a orar. Mentres estaba orando, cambiou o aspecto do seu rostro, e os seus vestidos viraron brancos e resplandecentes.

De súpeto apareceron dous homes falando con el; eran Moisés e mais Elías. Tiñan un aspecto glorioso e falaban do seu éxodo que remataría en Xerusalén. Pedro e mailos outros caían co sono, pero, manténdose espertos, contemplaron a súa gloria e os dous homes que o acompañaban. Cando eles se arredaban, díxolle Pedro a Xesús:

—«Mestre, ¡que ben que esteamos nós aquí! ¿Queres que vos fagamos tres tendas, unha para ti, outra para Moisés, e outra para Elías?»

Pero non sabía o que dicía. E mentres falaba, unha nube cubriunos coa súa sombra; eles quedaron moi asustados ó entraren nela. Entón unha voz dixo desde a nube:

—«Este é o meu Fillo, o Elixido: escoitádeo.»

Cando a voz acabou, Xesús apareceu só. E eles gardaron silencio. E non lle dixeron a ninguén nada do que viran naqueles días.
Palabra do Señor.

DOMINGO III DE CORESMA

30.-

PRIMEIRA LECTURA

«Eu son» mandoume onda vós

Lectura do libro do Éxodo 3, 1-8a. 13-15

Naqueles días, Moisés pastaba os rabaños do seu sogro Ietró, sacerdote de Madián. Levaba polo deserto os rabaños, e unha vez chegou ata a montaña de Deus, o Horeb. Nunha labarada, no medio dunha silveira, apareceu-lle o anxo do Señor. Moisés reparou na silveira que ardía e que non se consumía, e dixo para sí:

—«Voume chegar alá, para observar este fenómeno e saber por que non se consome a silveira.»

En vendo o Señor que Moisés se achegaba para mirar, chamouno desde a silveira.

—«¡Moisés!, ¡Moisés!»

El respondeu:

—«Aquí estou.»

Díxolle Deus:

—«Non te achegues aquí. Tira as sandalias dos pés, pois o sitio onde estás é terra sagrada.»

E engadiu:

—«Eu son o Deus de teu pai, o Deus de Abrahán, de Isaac e de Xacob.»

Moisés tapou a cara, polo medo de ver a Deus.

O Señor díxolle:

—«Teño visto as miserias do meu pobo en Exipto, oín as súas queixas contra os seus opresores, coñezo os seus sufrimentos. Vou baixar e libralos do poder dos exipcios, e levalos desta terra a unha terra boa e largacía, terra que deita leite e mel.»

Moisés replicou:

—«Xa me estou vendo chegar onda os israelitas e dicíndolles: “O Deus de vosos pais mándame onda vós.” Mais eles preguntaranme: “¿E cal é o seu nome?” ¿Que lles direi eu entón?»

Deus respondeulle a Moisés:

—«Eu son o que son.»

E engadiu:

—«Diraslles así ós israelitas: “Eu son mándame onda vós.”»

E mandoulle aínda:

—«Diraslles tamén ós israelitas: “O Señor, o Deus de vosos pais, o Deus de Abrahán, de Isaac e de Xacob mándame onda vós. Ese será o meu nome para sempre. Por el invocaranme tódalas xeracións.”»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 102, 1-2. 3-4. 6-7. 8 e 11 (R.: 8a)

R.: O Señor é misericordioso e clemente.

Alma miña, bendí o Señor
e todo o meu ser, o seu santo nome.
Alma miña, bendí o Señor,
non esqueza-los seus beneficios. R.

El perdoa as túas culpas
e sanda as túas doenzas;
rescata a túa vida da morte
e coróate de amor e de tenrura; R.

O Señor fai xustiza
e defende o dereito do oprimido.
Amosoulle a Moisés os seus camiños,
ós fillos de Israel as súas fazañas. R.

O Señor é misericordioso e clemente,
tardo á ira e rico en mercés.
Canto se alza o ceo sobre a terra,
así é grande o seu amor para os que o temen. R.

SEGUNDA LECTURA

A vida do pobo no deserto con Moisés escribiuse para a nosa conversión

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

10, 1-6. 10-12

Irmáns:

Non quero, irmáns, que ignoredes que os nosos pais estiveron todos baixo a nube; que todos pasaron polo medio do mar; que, na nube e no mar, todos recibiron o bautismo de Moisés; que todos comeron o mesmo alimento espiritual —pois bebían da pedra espiritual que os acompañaba: e esa pedra era Cristo—.

Pero, con todo, a maior parte deles non lle agradou a Deus, xa que os seus cadáveres ficaron estrados polo deserto.

Isto sucedeu coma un exemplo para nós, a fin de que non teñamos degoiros do mal, coma eles os tiveron.

Nin murmuredes, coma algúns deles e pereceron vítimas do Exterminador.

Isto sucedeulles a eles como exemplo, e escribiuse para o noso escarmento: para nós, que vivimos na fin dos tempos. ¡De xeito que o que crea estar de pé, teña coidado de non caer!

Palabra do Señor.

Versículo Mt 4, 17

Facede penitencia, di o Señor;
está cerca o Reino dos Ceos.

EVANXEO

Se non facedes penitencia, todos pereceredes

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 13, 1-9

Naquel intre presentáronse algúns para contarlle a Xesús o caso aquel de cando Pilato mesturara o sangue duns galileos co dos sacrificios que ofrecían.

El respondeulles:

—«¿Coidades que eses galileos eran máis pecadores cós demais, porque acabaron así? Non tal, e asegúrovos que como non vos

arrepintades acabades todos igual. ¿Seica pensades que aqueles dezaioito que morreron esmagados pola torre de Siloé eran máis culpables cós outros habitantes de Xerusalén? Non tal, e asegúrovos que, se non vos arrepentides, todos acabaredes igual.»

E púxolles esta parábola:

—«Un home tiña unha figueira plantada na súa viña; foi ver se tiña froitos e non llos atopou.

Díxolle ó viñateiro:

“Xa hai tres anos que veño buscar froito nesta figueira e non llo atopo. Córtaa, ¿para que vai cansar máis a terra?”

El respondeulle:

“Señor, déixaa aínda un ano máis; vou ver se eu lle cavo un pouco arredor e lle boto esterco; a ver se así dá froito...; e, onde non, pódela cortar.”»

Palabra do Señor.

Ou ben as lecturas do ano A, núm. 28.

DOMINGO IV DE CORESMA

33.-

PRIMEIRA LECTURA

O Pobo de Deus celebra a Pascua ó entrar na terra prometida

Lectura do libro de Xosué 5, 9a. 10-12

Naqueles días, díxolle o Señor a Xosué:

—«Hoxe quiteivos de enriba o oprobio de Exipto.»

Os fillos de Israel acamparon en Guilgal e celebraron a Pascua no décimo cuarto día do mes, polo serán, nas chairas de Iericó.

No día seguinte á Pascua, comeron dos produtos do país: bolos ácimos e espigas torradas, no mesmo día.

E, ó día seguinte de comeren do froito da terra, cesou o maná, e en adiante xa non houbo maná para os fillos de Israel: aquel ano comeron do produto da terra de Canaán.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 33, 2-3. 4-5. 6-7 (R.: 9a)

R.: Probade e vede o bo que é o Señor.

Bendigo o Señor en todo instante,
teño sempre na boca a súa loanza.

Eu glóriome no Señor:

que escoiten os humildes e se alegren. **R.**

Exaltade comigo o Señor,

loemos xuntos o seu nome.

Eu busquei o Señor, El respondeume,
libroume de tódolos temores. **R.**

Contempládeo, e quedaredes radiantes,
os vosos rostros non os cubrirá a vergonza.

Este pobre clamou, e o Señor escoitouno,
librouno de tódolos apuros. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Deus reconciliounos consigo por medio de Cristo

Lectura da segunda carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

5, 17-21

Irmáns:

Quen estea en Cristo é unha criatura nova: o que era vello, pasou. Velaí unha realidade nova.

E todo iso provén de Deus que nos reconciliou consigo por medio de Cristo e nos encomendou o servicio da reconciliación.

Pois Deus estaba en Cristo reconciliando o mundo consigo, non levando conta dos delictos dos homes e poñendo en nós a mensaxe da reconciliación. Somos, logo, embaixadores de Cristo, coma se Deus vos exhortase por medio noso.

Pedímovolo por Cristo: deixádevos reconciliar con Deus. A aquel que non tiña nada que ver co pecado, Deus fíxoo pecado por nós, para que nós nos volvesemos nel xustiza de Deus.

Palabra do Señor.

Versículo Lc 15, 18

Levantareime e irei onda meu pai e direille:

«Meu pai, pequei contra o ceo e contra ti.»

EVANXEO

Este teu irmán estaba morto e reviviu

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 15, 1-3. 11-32

Naquel tempo, os publicanos e pecadores achegábanse a Xesús para o escoitaren. Por iso os fariseos e letrados murmuraban:

—«Este acolle os pecadores e come con eles.»

Entón Xesús contoulles esta parábola:

—«Un home tiña dous fillos. O máis novo díxolle ó pai: “Papá, dáme a parte da herdanza que me corresponde.” El repartiulle-los seus bens. Días despois, este fillo recibiu todo xunto e marchou para un país remoto, onde malgastou a súa fortuna vivindo coma un perdido.

Despois de o gastar todo, houbo unha gran fame naquela terra, e empezou a pasar necesidade. Entón, acudindo a un natural do país, entrou a servir, e mandouno a unha granxa a coida-los porcos. Alí chegou a ter gana de enche-lo estómago coas landras que comían os porcos, pero ninguén llas daba.

Recapacitando, pensou: “¡Hai que ver! Cantos xornaleiros do meu pai teñen pan a faltar, e eu morro coa fame. Si, vou volver á de meu pai e voulle dicir: Papá, pequei contra o ceo e contra ti; xa non son digno de que me trates coma un fillo, trátame coma un xornaleiro.”

Levantouse e volveu onda seu pai. Aínda estaba lonxe cando este, enxergándoo, saíu emocionado a recibilo, e botádoselle nos brazos, bicouno agarimosamente. O fillo exclamou:

“Papá, pequei contra o ceo e contra ti, xa non son digno de que me trates coma un fillo.”

Pero o pai díxolles ós seus criados:

“Axiña, sacade a túnica mellor e vestídella; poñédelle un anel na man e calzado nos pés. Preparade un cuxo cebado para comelo e facer unha gran festa. Porque este fillo meu estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo.”

E empezou a festa.

Pero resulta que o fillo máis vello estaba na leira e cando viña para casa, oíu a música e mailo baile. Chamou por un criado e preguntoulle que pasaba.

O criado contestoulle:

“Éche que volveu teu irmán, e teu pai mandou mata-lo cuxo cebado por recuperalo san e salvo.”

Entón alporizouse moito, e non quería entrar.

Pero o pai, saíndo, intentouno convencer. El díxolle:

“Tantos anos como levo servíndote sen che faltar nunca en nada, e nunca un cabrito me deches para troulear cos meus amigos; e agora resulta que vén ese teu fillo, que queimou os teus bens con mulleres de mala vida, e máta-lo cuxo cebado.”

O pai contestoulle:

“Meu fillo, ti sempre estás comigo e todo o meu é teu, ¿que menos que celebrar unha festa cheos de alegría, xa que ese teu irmán estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo?”»

Palabra do Señor.

DOMINGO V DE CORESMA

36.-

PRIMEIRA LECTURA

Lectura do libro do profeta Isaías 43, 16-21

Así fala o Señor, que fixo un camiño polo mar
e unha vereda polas augas impetuosas,
que fixo saír carros e cabalos,
un exército moi poderoso.

Eles deitaranse e non se levantarán,
apagáronse coma a torcida dun candil, extinguíronse.

«¿Non vos lembrades das cousas pasadas?
¿Non comprendéde-las cousas antigas?

Ollade: eu estou facendo algo novo;
xa agroma: ¿non vos dades conta?

Si, vou abrir un camiño no deserto,
ríos na estepa.

Os animais do campo honraranme,
os chacais e os poliños da avestruz,
porque porei augas no deserto,
ríos no ermo,
para darlle de beber ó meu pobo, ó meu escollido,
ó pobo que eu criei para min,
e que contará a miña loanza.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 125, 1-2ab. 2cd-3. 4-5. 6 (R.: 3)

R.: O Señor fixo connosco cousas grandes,
estamos cheos de alegría.

Cando o Señor cambiou a sorte de Sión,
parecíanos un soño.
A boca enchéusenos de risos,
a lingua de cantares. R.

Daquela dicían os pagáns:

«O Señor fixo con eles cousas grandes.»
O Señor fixo connosco cousas grandes,
estamos cheos de alegría. **R.**

Cambia, Señor, a nosa sorte,
coma os regatos no deserto.
Os que sementan entre bágoas,
recollen entre cantares. **R.**

Cando van, van chorando
os que levan a semente.
Ó viren, veñen cantando
os que traen os seus monllos. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Por Cristo considereí perda tódalas cousas, conformándome á súa morte

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Filipenses **3, 8-14**

Irmáns:

Todo me parece perda comparado coa prominencia do coñecemento de Cristo Xesús, o meu Señor. Por El guindeino todo e doulle tanto valor coma ó lixo con tal de gañar a Cristo e de vivir nel, sen ter eu mesmo a xustiza da Lei, senón a xustiza que se recibe de Deus pola fe en Cristo, a xustiza de Deus que nos chega pola fe, para o coñecer a El, experimenta-la forza da súa resurrección e sintonizar cos seus sufrimentos, reproducindo en min a súa morte, para ver de acadar tamén eu a resurrección dos mortos.

Non é que eu xa chegase á meta nin que xa atinxira a perfección. Non. Eu aínda vou correndo, a ver se a alcanzo, xa que tamén eu fun alcanzado por Cristo Xesús.

Irmáns, eu non boto de conta que a teña atinguido.

Velaquí o único que fago: esquezo o que queda atrás e, lanzándome cara ó que está diante, bulo para pilla-lo premio ó que Deus desde arriba nos convoca en Cristo Xesús.

Palabra do Señor.

Versículo XI 2, 12-13

Así que, di o Señor,
 convertédevos a min de todo corazón;
 porque son benigno e misericordioso.

EVANXEO

Quen de vós estea sen pecado, sexa o primeiro en tirarlle a pedra

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 8, 1-11

Naquel día, á tardiña, Xesús saíu para o Monte das Oliveiras. Pero á alborada, presentouse outra vez no templo e toda a xente veu onda el; el sentou e empezou a ensinar.

Os escribas e fariseos trouxéronlle unha muller sorprendida en adulterio; puxérona no medio e medio e preguntáronlle:

—«Mestre, a esta muller collérona en flagrante adulterio. Moisés, na Lei, mandounos apedrar a esta xente. ¿Ti que dis?»

Preguntábanllo á mala fe para teren así de que o acusar. Pero Xesús, abaixado, escribía co dedo na terra. Como lle seguían preguntando, ergueuse e díxolles:

—«Quen de entre vós non teña pecado, que lle tire a primeira pedra.»

E, abaixándose outra vez, escribía na terra. Pero eles, ó que o escoitaron, foron liscando un a un, comezando polos máis vellos. Quedou el só coa muller, que seguía no medio. Ergueuse entón e preguntoulle:

—«Muller ¿onde van? ¿Ninguén te condenou?»

Ela respondeulle:

—«Ninguén, Señor.»

Díxolle Xesús:

—«Tampouco eu te condeno: vaite e desde agora non peques máis.»

Palabra do Señor.

Ou ben as lecturas do ano A, núm. 34.

DOMINGO DE RAMOS NA PAIXÓN DO SEÑOR

37.-

PROCESIÓN DAS PALMAS

EVANXEO

Bendito o que vén no nome do Señor

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 19, 28-40

Naquel tempo, Xesús botou a andar diante camiño de Xerusalén. E cando se achegaban a Betfagué e a Betania, ó pé do chamado Monte das Oliveiras, mandou dous discípulos, dicíndolles:

—«Ide á aldea que tedes aí diante, e atoparedes atado un burriño que ninguén montou aínda nunca. Soltádeo e traédeo. E se alguén vos pregunta: “¿Por que o soltades?”, respondédelle: “Precísao o Señor.”»

Foron os discípulos, e atoparon todo tal como lles dixeran. E cando ceibaron o burriño, preguntáronlle-los donos:

—«¿Por que soltáde-lo burriño?»

Eles contestaron:

—«Precísao o Señor.»

Levárono onda Xesús, botaron os mantos sobre o burriño e axudárono a montar. E ó pasar el, a xente estendía os mantos polo camiño. Cando se aproximaban á baixada do Monte das Oliveiras, a multitude de discípulos, cheos de alegría, comezaron a loar a Deus con grandes gritos, por tódalas marabillas que tiñan visto. Dicían:

—«¡Benia o que vén, coma rei, no nome do Señor. Paz no ceo, e gloria no máis alto!»

Algúns dos fariseos que estaban entre a xente, dixéronlle:

—«Mestre, reprende a eses teus discípulos.»

Pero el respondeulles:

—«Asegúrovos que se estes calan, falarán as pedras.»

Palabra do Señor.

MISA

A misa deste domingo ten tres lecturas, e é moi recomendable que se lean as tres, a non ser que algún motivo pastoral aconselle o contrario.

Dada a importancia da lectura da historia da paixón do Señor, o sacerdote, tendo en conta a índole peculiar de cada asemblea en concreto, poderá ler, se é necesario, unha soa das dúas lecturas que preceden ó evanxeo, ou ben ler unicamente a historia da paixón, incluso na forma máis breve.

Estas normas só teñen aplicación nas misas celebradas coa participación do pobo.

PRIMEIRA LECTURA

**Non aparteí a miña cara das increpacións,
pero sei que non quedarei confundido**

(Terceiro Canto do Servo do Señor)

Lectura do libro do profeta Isaías 50, 4-7

O Señor Deus concedeume lingua de discípulo,
para saber instruí-lo cansado
cunha palabra que o anime na mañá.

El espreguiza pola mañá o meu oído
para escoitar coma discípulo.

O Señor abriu o meu oído,
e eu non me rebelei, non me botei para atrás.

Ofrecín o lombo ós que me azoutaban,
e a miña cara ós que me arrincaban a barba.

Non escondín a miña cara dos insultos e das cuspiñadas.

Pero o Señor axudárame, por isto non me sinto avergonzado,
e poño a miña cara coma un diamante,
pois sei que non me avergonzarei.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 21, 8-9. 17-18a. 19-20. 23-24 (R.: 2a)

R.: Meu Deus, meu Deus, ¿por qué me abandonaches?

Tódo-lo que me ven fan burla de min,
torcendo os labios, movendo a cabeza:
«Confiou no Señor, que El o libre,
que El o salve, se é que o ama.» R.

Rodéanme mandas de cans,
cércame un fato de malvados,
tradearon as miñas mans e os meus pés,
e podo conta-los meus ósos. R.

Reparten os meus vestidos
e botan ás sortes o meu manto.
Pero ti, Señor, non esteas lonxe;
ti e-la miña forza, ven axiña axudarme. R.

Eu falareilles de ti ós meus irmáns,
loareite no medio da asemblea.
Servidores do Señor, loádeo,
liñaxe de Xacob, glorificádeo,
liñaxe de Israel, temédeo. R.

SEGUNDA LECTURA

Humillouse a si mesmo, por iso Deus exaltouno

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Filipenses 2, 6-11

Irmáns:

Cristo Xesús, con ser de condición divina,
non se agarrou con cobiza ó seu ser igual a Deus;
senón que se espiu do seu rango,
e asumiu a condición de escravo,
feito en todo semellante ós homes.

Presentándose coma un home calquera,
abaixouse a si mesmo, facéndose obediente ata á morte,
e á morte na cruz.

Por iso tamén Deus o exaltou sobre todo
 e lle concedeu un nome que está por riba de todo outro nome,
 para que ó nome de Xesús se dobre todo xeonllo
 no ceo, na terra e mais no abismo,
 e toda lingua proclame que Xesús Cristo é o Señor
 para gloria de Deus Pai.

Palabra do Señor.

Versículo Flp 2, 8-9

Cristo abaixouse a si mesmo, facéndose obediente ata á morte,
 e á morte na cruz.
 Por iso tamén Deus o exaltou sobre todo
 e lle concedeu un nome que está por riba de todo outro nome.

EVANXEO

Paixón do noso Señor Xesús Cristo segundo Lucas 22, 14—23, 56

¡Moito levo desexado comer esta Pascua convosco antes de eu padecer!

C. Cando chegou a hora, púxose Xesús á mesa cos seus apóstolos.
 Díxolles:

+ —«¡Moito levo desexado comer esta Pascua convosco antes de eu padecer! Porque vos digo que xa non a volverei comer ata que chegue o seu cumprimento no Reino de Deus.»

C. E collendo unha copa, deu gracias e dixo:

+ —«Tomade e repartídea entre vós, pois asegúrovos que non volverei beber do produto da viña ata que chegue o Reino de Deus.»

Facede isto en memoria miña

C. E collendo pan, deu gracias, partiuno e déullelo, dicindo:

+ —«Este é o meu corpo, que se entrega por vós; facede isto en memoria miña.»

C. E despois de cear, fixo o mesmo coa copa, dicindo:

+ —«Esta copa é a Nova Alianza, selada co meu sangue, que se verte por vós.»

¡Ai daquel que entrega ó Fillo do Home!

+ —«Pero mirade o que vos digo: a man do que me entrega está aquí, sobre a mesa, a carón meu. Porque o Fillo do Home vaise, conforme o determinado; pero ¡ai daquel que o entrega!»

C. Entón empezaron a discutir entre eles, sobre quen podería se-lo que ía facer iso.

Eu ando entre vós coma quen serve

C. Armouse tamén unha discusión entre eles sobre a quen deles debían considerar máis importante. Pero el díxolles:

+ —«Os reis dos xentís asobállanos, e os tiranos fanse chamar benfeitores. Pero vós non fagades iso; non: que o maior entre vós sexa coma o máis pequeno, e o que goberna, coma quen serve. Pois, ¿quen é máis importante, o que está á mesa ou quen o serve? ¿Acaso non é o que está na mesa? Pero eu ando entre vós coma quen serve.

Pois vós sóde-los que quedastes comigo nas miñas probas. E, coma o meu pai o dispuxo para min, así eu teño disposto para vós un reino, para que, cando eu sexa rei, comades e bebedes na miña mesa, e sentedes en tronos para xulga-las doce tribos de Israel.»

Ti, ó que te arrepintas, debes confirma-los teus irmáns

C. E engadiu:

+ —«¡Simón, Simón, mira que Satanás vos reclamou para vos peneirar coma o trigo! Pero eu roguei por ti, para que a túa fe non falle; e ti, ó que te arrepintas, debes confirma-los teus irmáns.»

C. Díxolle el:

+ —«Señor, estou disposto a ir á cadea e á morte contigo.»

C. Respondeulle Xesús:

+ —«Ten por seguro que hoxe, antes de que o galo cante, negarás tres veces que me coñeces.»

É preciso que se cumpra en min aquilo que está escrito

C. E logo preguntoulles a todos:

+ —«Cando vos mandei sen bolsa, alforxas e calzado, ¿sentistes falta de algo?»

C. Eles responderon:

S. —«De nada.»

C. El continuou:

+ —«Pois agora quen teña unha bolsa, que a colla e que colla tamén unha alforxa; e quen non teña espada, que venda o seu manto e que merque unha. Porque vos aseguro que é preciso que se cumpra en min aquilo que está escrito: “Foi contado entre os malfeitores.” E o tocante a min vaise cumprir.»

C. Eles dixéronlle:

S. —«Señor, temos aquí dúas espadas.»

C. Contestoulles:

+ —«Basta. Xa está ben.»

Cheo de angustia, pregaba con máis teima aínda

C. Despois de saír, foise como facía sempre ó Monte das Oliveiras, seguido dos seus discípulos. Cando chegaron ó sitio, díxolles:

+ —«Rogade que non caiades na tentación.»

C. E arredándose deles, coma un tiro de pedra, púxose a rogar axeonllado:

+ —«Meu Pai, se queres, arreda de min este cáliz. Pero que non se faga a miña vontade, senón a túa.»

C. E un anxo do ceo aparecéuselle para confortalo. E cheo de angustia, pregaba con máis teima aínda, mentres suaba coma pingas de sangue que esvaraban ata o chan.

Erguéndose da oración, volveu onda os discípulos e atopounos durmidos por mor da tristeza. Díxolles:

+ —«¿Como é que estades a durmir? Erguédevos e rogade, para que non caiades na tentación.»

Xudas, ¿cun bico entréga-lo Fillo do Home?

C. Estaba aínda falando, cando apareceu xente; á fronte deles viña o chamado Xudas, un dos Doce; e achegouse a Xesús, para lle dar un bico. Pero Xesús díxolle:

+ —«Xudas, ¿cun bico entréga-lo Fillo do Home?»

C. Entón os seus acompañantes, decatándose do que pasaba, preguntáronlle:

S. —«Señor, ¿sacámo-las espadas?»

C. E un deles feriu ó criado do Sumo Sacerdote, rabenándolle a orella dereita.

Pero Xesús díxolle:

+ —«Deixádeos facer.»

C. E tocándolle a orella, sandoulla.

Entón díxolles ós que viñan contra el, sumos sacerdotes, oficiais da garda do templo e anciáns:

+ —«Viñéste-me prender con paos e espadas, coma se fose un bandido. Pero eu estiven a diario convosco no templo, e non me puxéste-las mans enriba. Ben: esta é a vosa hora, e o poder das tebras.»

Pedro saíu para fóra, e chorou amargamente

C. Prendérono e levárono á casa do Sumo Sacerdote. Pedro seguía de lonxe. Acenderon lume no medio do patio, e sentaron arredor; e Pedro sentou tamén no medio deles. Pero unha criada viuno sentado a carón do lume, cravou os ollos nel e dixo:

S. —«Este tamén andaba con el.»

C. El negouno dicindo:

S. —«Muller, eu non o coñezo.»

C. Pouco despois viuno outro criado, e dixo:

S. —«Ti es deles tamén.»

C. Pero Pedro exclamou:

S. —«Non, home, non son.»

C. Unha hora máis tarde, aínda volveu insistir outro criado:

S. —«Si, seguro que andaba con el, que é galileo.»

C. Pedro replicou:

S. —«Pero home, eu non che sei de que falas.»

C. E no intre, estando aínda el a falar, cantou o galo. O Señor, volvéndose, mirou a Pedro, e este acordouse das súas palabras: «Antes de que o galo cante hoxe, ti hasme negar tres veces». Saíu para fóra, e chorou amargamente.

Fai agora de profeta: ¿quen che zoupou?

C. Os homes que o tiñan preso burlábanse del e mallábano; tapábanlle a cara e preguntábanlle:

S. —«Fai agora de profeta: ¿quen che zoupou?»

C. E aldraxábano, dicíndolle outras moitas cousas.

Acordaron levalo ó Sanedrín

C. Cando se fixo de día, reuniuse o Consello dos anciáns do pobo, os sumos sacerdotes e mailos letrados, e acordaron levalo ó Sanedrín. E dixéronlle:

S. —«Se ti e-lo Mesías, dínolo.»

C. El contestoulles:

+ —«Se volo digo, non me ides crer; se vos fago preguntas, non me ides responder. Pero desde agora o Fillo do Home estará sentado á dereita do Todopoderoso.»

C. Preguntáronlle todos:

S. —«¿Logo es ti o Fillo de Deus?»

C. El respondeu:

+ —«Vós o dicides: eu son.»

C. Eles exclamaron:

S. —«¿Para que máis testemuñas? Xa llo oímos nós mesmos da súa boca.»

C. Cando rematou a sesión, conduciron a Xesús perante Pilato.

Non atopo delicto ningún neste home

C. Alí empezárono a acusar, dicindo:

S. —«Atopamos a este revolucionando o pobo, impedíndolle paga-lo tributo ó César, e declarándose ademais Mesías e rei.»

C. Pilato preguntoulle:

S. —«¿Es ti o rei dos xudeus?»

C. Respondeulle:

+ —«Ti o dis.»

C. Entón díxolles Pilato ós sumos sacerdotes e mais á xente:

S. —«Eu non atopo delicto ningún neste home.»

C. Pero eles teimaban dicindo:

S. —«Anda encirrando á xente, ensinando por toda Xudea, desde Galilea ata aquí.»

C. Oíndo aquilo, Pilato preguntou se aquel home era galileo. Ó saber que pertencía á xurisdicción de Herodes, remitiullo a el, que casualmente estaba por aqueles días en Xerusalén.

Herodes e mailos seus soldados aldraxárono

C. Herodes, ó ver a Xesús, alegrouse moito, porque había tempo que o quería ver, polo moito que tiña oído falar del; de por parte esperaba ver algún milagre. Fíxolle moitas preguntas, pero Xesús non dixo palabra. Tamén estaban alí os sumos sacerdotes e mailos letrados acusándoo arrufadamente. Herodes e mailos seus soldados aldraxárono, e, para faceren riso del, vestírono cunha roupa fachendosa; e despois Herodes mandoullo de volta a Pilato. E desde aquel día Herodes e Pilato, que se levaban moi mal, quedaron amigos.

Pilato entregou a Xesús ó seu antollo

C. Pilato convocou os sumos sacerdotes, os xefes e mailo pobo e díxolles:

S. —«Trouxéstesme este home coma se fose un revolucionario; pero eu, despois de o interrogar diante de vós, non atopei nel ningún delicto deses dos que o acusades; nin tampouco Herodes, que nolo devolveu. Nada que mereza a morte cometeu; así que voulle pór un escarmento, e despois vouno soltar.»

C. Pero todos empezaron a berrar, dicindo:

S. —«¡Fóra ese, solta a Barrabás!»

C. Este estaba na cadea por unha revolta con asasinato, ocorrido na cidade.

Pilato volveulles falar, pois quería librar a Xesús. Pero eles berraban:

S. —«¡Crucifícao, crucifícao!»

C. Pilato replicou por terceira vez:

S. —«¿Pero que mal fixo? Ningún delicto de morte atopei nel. Dareille un escarmento e soltareino.»

C. Pero eles porfiaban a berros e pedían a crucifixión, facendo cada vez máis algareo. Por fin Pilato sentenciou tal coma eles querían. Soltou o que reclamaban —o encadeado por revolta e asasinato—, e a Xesús entregóullelo ó seu antollo.

Fillas de Xerusalén, non choredes por min

C. Cando o levaban, botaron man dun certo Simón de Cirene, que viña da leira, e cargáronlle a cruz, para que a levase detrás de Xesús. Ía tras deles unha chea de xente e mulleres batendo no peito e laiándose por el. Xesús, volvéndose a elas, díxolles:

+ —«Fillas de Xerusalén, non choredes por min: chorade máis ben por vós e polos vosos fillos. Porque, mirade, veñen días nos que se dirá: “Afortunadas as estériles, os ventres que non enxendraron e os peitos que non criaron.” E pediránlles ós montes: “¡Caede enriba de nós!”, e ós outeiros: “Tapádenos.” Porque se isto fan coa árbore verde, ¿que lle pasará á seca?»

C. Levaban con el tamén a outros dous bandidos, para executalos.

Meu Pai, perdóaos que eles non saben o que fan

C. E cando chegaron ó lugar chamado «A Caveira», crucificárono alí; e con el os dous bandidos: un á dereita e outro á esquerda del. Xesús dicía:

+ —«Meu Pai, perdóaos que eles non saben o que fan.»

C. E, botando á sorte, repartiron a roupa del.

Este é o rei dos xudeus

C. A xente estaba a mirar, e os xefes moqueábanse del, dicindo:

S. —«A outros salvounos. Pois que se salve agora el, se é o Mesías de Deus, o Elixido.»

C. Tamén os soldados se burlaban del, e achegándose ofrecíanlle vinagre, dicindo:

S. —«Se ti e-lo rei dos xudeus, sálvate a ti mesmo.»

C. E había un letreiro enriba del: «Este é o rei dos xudeus.»

Hoxe estarás comigo no paraíso

C. Un dos bandidos que estaban crucificados, insultáboo tamén:

S. —«¿Non es ti o Mesías? Pois sálvate ti e sálvanos a nós.»

C. Pero contestoulle o outro, reprendéndoo:

S. —«¿Seica non temes a Deus, ti que sófre-la mesma condena ca el? Nós, polo menos, recibímo-lo que merecemos, pero este non fixo mal ningún.»

C. E dicíalle:

S. —«Xesús, lémbtrate de min cando volvas coma rei.»

C. Xesús respondeulle:

+ —«Asegúroche que hoxe estarás comigo no paraíso.»

¡Meu Pai! Nas túas mans entrego o meu espírito

C. Chegado o mediodía, a escuridade cubriu a terra ata a media tarde. Pois houbo unha eclipse de sol. E o veo do Santuario rachou polo medio. Entón Xesús, pegou un berro moi alto e dixo:

+ —«¡Meu Pai! Nas túas mans entrego o meu espírito.»

C. E dicindo isto, morreu.

Todos se axeonllan, e faise unha pausa.

C. O centurión, vendo o que sucedera, glorificou a Deus, dicindo:

S. —«Realmente este home era inocente.»

C. E toda a xente que acudira ó espectáculo, ó ve-lo que pasaba, volvía batendo no peito. Os seus coñecidos seguían todo de lonxe, e igual as mulleres que o acompañaran desde Galilea.

Xosé puxo o corpo de Xesús nun sepulcro sen estrear

C. Un home bo e honrado, chamado Xosé, que era conselleiro —aunque el non estivera de acordo co proceder do Consello—, natural de Arimatea, vila de Xudea, e que esperaba o Reino de Deus, presentouse a Pilato e pediulle o corpo de Xesús. Logo, despois de o baixar, envolveuno nunha saba e púxoo nun sepulcro cavado na rocha, que estaba sen estrear. Era día da Preparación e xa despuntaba o sábado.

Tamén estiveron presentes as mulleres que o acompañaban desde Galilea, pois seguiron a Xosé, e viron o sepulcro e como o depositaba.

Cando regresaron, prepararon perfumes e bálsamos. Pero o sábado descansaron, conforme o mandado.

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Paixón do noso Señor Xesús Cristo segundo Lucas 23, 1-49

C. Naquel tempo, os anciáns, os príncipes dos sacerdotes e os escribas, conduciron a Xesús perante Pilato.

Non atopo delicto ningún neste home

C. Alí empezárono a acusar, dicindo:

S. —«Atopamos a este revolucionando o pobo, impedíndolle paga-lo tributo ó César, e declarándose ademais Mesías e rei.»

C. Pilato preguntoulle:

S. —«¿Es ti o rei dos xudeus?»

C. Respondeulle:

+ —«Ti o dis.»

C. Entón díxolles Pilato ós sumos sacerdotes e mais á xente:

S. —«Eu non atopo delicto ningún neste home.»

C. Pero eles teimaban dicindo:

S. —«Anda encirrando á xente, ensinando por toda Xudea, desde Galilea ata aquí.»

C. Oíndo aquilo, Pilato preguntou se aquel home era galileo. Ó saber que pertencía á xurisdicción de Herodes, remitiullo a el, que casualmente estaba por aqueles días en Xerusalén.

Herodes e mailos seus soldados aldraxárono

C. Herodes, ó ver a Xesús, alegrouse moito, porque había tempo que o quería ver, polo moito que tiña oído falar del; de por parte esperaba ver algún milagre. Fíxolle moitas preguntas, pero Xesús non dixo palabra. Tamén estaban alí os sumos sacerdotes e mailos

letrados acusándoo arrufadamente. Herodes e mailos seus soldados aldraxárono, e, para faceren riso del, vestírono cunha roupa fachendosa; e despois Herodes mandoullo de volta a Pilato. E desde aquel día Herodes e Pilato, que se levaban moi mal, quedaron amigos.

Pilato entregou a Xesús ó seu antollo

C. Pilato convocou os sumos sacerdotes, os xefes e mailo pobo e díxolles:

S. —«Trouwéstesme este home coma se fose un revolucionario; pero eu, despois de o interrogar diante de vós, non atopei nel ningún delicto deses dos que o acusades; nin tampouco Herodes, que nolo devolveu. Nada que mereza a morte cometeu; así que voulle pór un escarmento, e despois vouno soltar.»

C. Pero todos empezaron a berrar, dicindo:

S. —«¡Fóra ese, solta a Barrabás!»

C. Este estaba na cadea por unha revolta con asasinato, ocorrido na cidade.

Pilato volveulles falar, pois quería librar a Xesús. Pero eles berraban:

S. —«¡Crucifícao, crucifícao!»

C. Pilato replicou por terceira vez:

S. —«¿Pero que mal fixo? Ningún delicto de morte atopei nel. Dareille un escarmento e soltareino.»

C. Pero eles porfiaban a berros e pedían a crucifixión, facendo cada vez máis algareo. Por fin Pilato sentenciou tal coma eles querían. Soltou o que reclamaban —o encadeado por revolta e asasinato—, e a Xesús entregóullelo ó seu antollo.

Fillas de Xerusalén, non choredes por min

C. Cando o levaban, botaron man dun certo Simón de Cirene, que viña da leira, e cargáronlle a cruz, para que a levase detrás de Xesús. Ía tras deles unha chea de xente e mulleres batendo no peito e laiándose por el. Xesús, volvéndose a elas, díxolles:

+ —«Fillas de Xerusalén, non choredes por min: chorade máis ben por vós e polos vosos fillos. Porque, mirade, veñen días nos

¡Meu Pai! Nas túas mans entrego o meu espírito

C. Chegado o mediodía, a escuridade cubriu a terra ata a media tarde. Pois houbo unha eclipse de sol. E o veo do Santuario rachou polo medio. Entón Xesús, pegou un berro moi alto e dixo:

+ —«¡Meu Pai! Nas túas mans entrego o meu espírito.»

C. E dicindo isto, morreu.

Todos se axeonllan, e faise unha pausa.

C. O centurión, vendo o que sucedera, glorificou a Deus, dicindo:

S. —«Realmente este home era inocente.»

C. E toda a xente que acudira ó espectáculo, ó ve-lo que pasaba, volvía batendo no peito. Os seus coñecidos seguían todo de lonxe, e igual as mulleres que o acompañaran desde Galilea.

Palabra do Señor.
